

PLAN DIXITAL

CMUS XAN VIAÑO

Versión 1.0_xuño 2022

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XAN VIAÑO
Avda. do Mar 2-4, esq. Telleiras, 70. CP.: 15406 - Ferrol - CIF: S6500012G - Cod. Centro:
15027617 - Tel.: 981333317 - Fax: 981326748 Móbil: 618619001

E-Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.gal - <http://centros.edu.xunta.gal/cmusxanviano>



Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O Cmus Profesional Xan Viaño é un centro público situado na Avd. do Mar 2-4 s/n, no Concello de Ferrol (A Coruña), que imparte as ensinanzas de Grao Elemental e Profesional de Música.

No presente curso ten matriculados 403 alumnos/as nos dous Graos.

- 188 en Grao Elemental
- 215 en Grao profesional

e conta cun claustro composto por 50 profesores/as.

Os datos de contacto son:

- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusxanviano/>
- correo electrónico: cmus.xanviano@edu.xunta.gal
- Teléfono: 981333317-618619001
- Fax: 981326748

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.

O Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño atópase emprazado en Ferrol. Este centro da cabida a alumnos que proveñen das denominadas Rías Altas da provincia da Coruña (Ares, Cedeira, Valdoviño, Ortigueira...).

O contexto ofrece diferentes actividades culturais, principalmente ofertadas polos Concellos de Ferrol, Narón, Cedeira etc. na que se ofertan escolas de música, arte, danza, teatro...

A maioría das familias pertencentes ao centro, pertencen a unha clase socioeconómica media.

A finalidade das nosas ensinanzas é a de acadar unha verdadeira formación que permita o desenvolvemento profesional da música. Non debemos esquecer a tradición musical (coros, bandas e música tradicional) existente en Ferrol e comarca que favorece o estudo destas ensinanzas musicais.

A cidade de Ferrol dispón na actualidade da infraestrutura necesaria para a realización de concertos e audicións organizados polo Conservatorio tanto no Teatro Jofre ou no Auditorio de Ferrol, ambas dependentes do Concello. Todos os cursos solicítase a Concellería de Cultura, da cal

dependen estas dúas salas, a posibilidade de realizar concertos que por diferentes causas (número de intérpretes, número de asistentes...) non é posible acoller no noso Centro.

Centrándose no contexto escolar, este PDC pretende constituír un documento que apoie e reforze a cultura dixital recollida nas programacións do centro e no PE.

Así mesmo, este PDC pretende ser o punto de partida, para que no curso 2022/2023, e reflectido na correspondente PXA, o centro favoreza e impulse o uso de medios dixitais tanto no procesos de ensino-aprendizaxe coma no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do profesorado e alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Atopamos a xustificación deste Plan Dixital de Centro, na súa versión 1.0, nos seguintes documentos legislativos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se

ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O presente documento foi elaborado pola Dirección Centro, seguindo as instrucións da Resolución do 3 de setembro de 2021, de acordo co calendario marcado pola Administración Educativa, e co apoio, colaboración e mentorización do equipo Adix de zona.

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

O centro ten os servizos básicos dixitais que coa situación da pandemia tivemos que optimizar para poder levar a cabo entre outras actividades as clases de xeito non presencial a través de plataformas dixitais.

A continuación, faise un resumo da situación actual do centro dende o punto de vista tecnolóxico:

Inventario Equipos informáticos Xan Viaño 2021-22

A parte dos equipos destinados a administración para un correcto funcionamento da parte administrativa do centro temos:

Vicedirección

-iMac 21,5" para xestión de actividades pedagóxicas, anuncios, convocatorias que se proxectan na pantalla do vestíbulo.

Vestíbulo

-Pc sobremesa DELL con 4Gb de Ram con sistema Linux Abalar con licencia pública xeral GNU (GPL). Este equipo está destinado aos pais de alumnos que queiran consultar expedientes académicos, notas, etc

Auditorio

Proxector, equipo de megafonía suspendido e equipo de luces, conxionado para equipo de audio.

Sala de profesores.

-2 Pc sobremesa AMD Athlon II con 4Gb de Ram con sistema de arranque dual Windows7/10 baixo licencia e Linux Abalar con licencia pública xeral GNU (GPL)

Contén Suites ofimáticas Openoffice, clientes de correo electrónico, xestor de PDFs, xestor de contactos. Software libre de edición de partituras.

Biblioteca

-Pc sobremesa AMD Athlon II con 4Gb de Ram con sistema de arranque dual Windows7/10 baixo licencia e Linux Abalar con licencia pública xeral GNU (GPL), O software de xestión de biblioteca MEIGA está conectado de forma remota cos servidores da UAC para xestión e administración de copias de seguridade e respaldo. Conta con acceso de administrador para os xestores e consulta de depósitos.

Contén Suites ofimáticas Openoffice, clientes de correo electrónico, xestor de PDFs, xestor de contactos. Software libre de edición de partituras

Equipos portátiles

-12 equipos portátiles (netbook HP mini 210) con sistema de arranque dual Windows7 baixo licencia e Linux Abalar con licencia pública xeral GNU (GPL).

-2 Equipos portátiles Lenovo Thinkpad L520 Asignados a Dirección y Equipo Covid respectivamente

-1 Equipo portátil Acer Travelmate 6593

-6 portátiles Asus F515EA-EJ2198W Intel Core i7-1165G7/16GB/512GB SSD/15.6"

-11 Proyectores aulas de teóricas + **1 Proyector** en el auditorio

IPADS

- **1 iPad Pro 12.9** pulgadas con funda iPad Pro Smart Keyboard
- **3 iPad Air de 9.7** pulgadas con funda.
- **2 iPad Pro de 9.7** pulgadas con funda.

Comentar que a maioría destes equipos foron adquiridos co presuposto do centro, xa que dende a consellería fai anos que non se suministra equipamento informático.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoevaluación SELFIE: É unha ferramenta de autodiagnose da situación dixital do centro, (deseñada pola Unión Europea) que serviu de reflexión e diálogo entre a comunidade educativa.

Púxose en práctica entre o 25 de novembro de 2021 e o 6 de decembro do mesmo ano; os resultados obtidos foron:

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS
		GRAO ELEMENTAL E PROFESIONAL
A- LIDERADO	EQUIPO DIRECTIVO	3,6
	PROFESORADO	3,6
	ALUMNADO	
B- COLABORACIÓN E REDES	EQUIPO DIRECTIVO	3,1
	PROFESORADO	2,8
	ALUMNADO	2,3
C- INFRAESTRUTURA E EQUIPOS	EQUIPO DIRECTIVO	3,7
	PROFESORADO	3,4
	ALUMNADO	2,5
D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO	EQUIPO DIRECTIVO	4,2
	PROFESORADO	3,6
	ALUMNADO	
	EQUIPO	3,9

E: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS	DIRECTIVO	
	PROFESORADO	3,9
	ALUMNADO	3,5
F: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA	EQUIPO DIRECTIVO	3,5
	PROFESORADO	3,2
	ALUMNADO	2,5
G- PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN	EQUIPO DIRECTIVO	3,4
	PROFESORADO	3,1
	ALUMNADO	2,6
H- COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO	EQUIPO DIRECTIVO	3,1
	PROFESORADO	2,9
	ALUMNADO	2,3

Test CDD: Ferramenta implementada pola Administración, incluída en FProfe, que permitiu coñecer a Competencia Dixital dos Docentes no centro. Os resultados obtidos foron:

<i>PARTICIPACIÓN</i>			
	Nº que participa	Nº total	% participación
EQ. DIRECTIVO	5	5	100 %
PROFESORES/AS	29	32	91 %
ALUMNOS/AS	59	357	17 %

PUNTUACIÓN E NIVEL DE COMPETENCIA DO CENTRO			
Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia

2.3. Análise DAFO

A partir dos datos obtidos no Informe SELFIE e no Test CDD, o centro realizou unha profunda reflexión e xerou unha análise DAFO que é de utilidade para a elaboración das liñas fundamentais deste Plan Dixital.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUCTURA-EQUIPAMENTO	Renovase o equipamento co presuposto do Centro	Equipamento de centro está obsoleto
PERSOAL DOCENTE	A comunidade educativa usa plataformas dixitais e a AV do centro. A implementación das TIC nas aulas foi ben acollida pola comunidade educativa. Unha gran porcentaxe de profesorado está a formarse continuamente no eido das TIC.	Escasa experiencia na avaliación dixital. Actividades de aprendizaxe van lentas. Escasa facilidade para a resolución de problemas técnicos.
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	A comunidade educativa usa plataformas dixitais e a AV do centro. A implementación das TIC nas aulas foi ben acollida pola comunidade educativa.	Escasa experiencia na avaliación dixital. Escasa facilidade para a autorresolución de problemas técnicos. Falta de información sobre cómo

		usar dispositivos dixitais.
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DE CENTRO		Estase a implementar unha estratexia dixital ben definida no centro.

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Equipamento de centro está obsoleto
LEXISLACIÓN		O profesorado amosa a falta de tempo para explorar a ensinanza dixital. Traer ao centro o propio dispositivo por parte do alumnado
CONTORNA	O alumnado ten facilidade para acceder a dispositivos fora do centro. O alumnado é capaz de usar software / aplicación sen axuda.	A falta de equipamento no centro amósase como unha gran dificultade á hora de implementar as TIC nas aulas. O alumnado as veces se distrae cando usa dispositivos dixitais.
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Unha vez rematado o período de autorreflexión sobre a situación o do centro e detectadas as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que

presenta este, chega o turno de decidir cara onde quere ir o centro para chegar a converterse nunha institución dixitalmente competente.

Para isto, cómpre marcarse uns obxectivos, respectando as seguintes premisas:

1.- Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” que sexan:

a. Específicos (Specific), deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.

b. Medibles (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.

c. Alcanzables (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.

d. Relevante (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.

e. Definidos no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

2.- Establecer INDICADORES: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

3.- Establecer o VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro.

4.- Establecer o VALOR PREVISTO: Cantidad numérica do indicador que queremos alcanzar cunha data límite para acadalo.

5.- Propoñer e numerar ACCIÓNS concretas e necesarias, para desenvolver o obxectivo, a DATA PREVISTA FIN, os RECURSOS NECESARIOS (equipamento, persoal, infraestruturas, orzamento,..), a VALORACIÓN DA ACCIÓN (é preciso valorar o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista) e o ESTADO (reflexir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento).

Nesta versión 1.0 propóñense 3 obxectivos SMART:

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: E-PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS						
OBXECTIVO 1: (1)	Detectar e cubrir as necesidades do profesorado referido á utilización de recursos dixitais.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, Equipo TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	% de profesorado aplica instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.					
Valor de partida: (3)	10 % de profesorado crea e aplica instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.					
Valor previsto e data: (4)	50% de profesorado crea e aplica instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.			XUÑO 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Formar ao profesorado na utilización de ferramentas dixitais.	TIC, CFR	1º TRIMESTRE 22-23	OFERTA FORMATIVA	> 50% participación	Realizada	
				< 10% de participación	Aprazada	
				10%/50% participación	Pendente	
A01.2: UTILIZACIÓN POR PARTE DO PROFESORADO, DE FERRAMENTAS DIXITAIS.	CLAUSTRO	3º TRIMESTRE CURSO 22-23		> 80 % do profesorado utiliza instrumentos dixitais.	Realizada	
				< 25% do profesorado utiliza instrumentos dixitais.	Aprazada	
					Pendente	
A01.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: A - LIDERAZGO						
OBXECTIVO 2: (1)	Redactar un plan de acollida para o profesorado de nova incorporación no que se amose a metodoloxía para o emprego dos recursos dixitais do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, equipo TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Coñecemento do profesorado deste plan de acollida					
Valor de partida: (3)	Non está feito					
Valor previsto e data: (4)	Plan de acollida redactado e presentado ao claustro			Setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Redactar plan de acollida	Equipo directivo	Setembro 2022	Reunións equipo	Existe documentos	Realizada	
				Non existe documentos	Aprazada	
				Esta en proceso de remate	Pendente	
A01.2:Difundir o Plan de Acollida para o profesorado	Equipo directivo	Setembro 2022	Claustro	Presentase documento ao claustro	Realizada	
				Non se presenta o documento.	Aprazada	
					Pendente	
A01.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 3: (1)	Promover e afianzar o uso das ferramentas dixitais que temos a nosa disposición no centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% do profesorado utiliza as ferramentas dixitais dispoñibles					
Valor de partida: (3)	10% do profesorado utiliza as ferrementsas dixitais dispoñibles.					
Valor previsto e data: (4)	60% do profesorado utiliza as ferrementsas dixitais dispoñibles.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Formar ao profesorado no emprego de ferramentas dixitais.	Equipo directivo, Equipo TIC	Xuño 2022	Formación.	> 50% participación	Realizada	
				< 10% de participación	Aprazada	
				10%/50% participación	Pendente	
AO1.2:Promover o uso de ferramentas dixitais	Equipo directivo, Equipo TIC	Xuño 2022	Reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Nas reunións do equipo directivo se procederá a facer seguimento deste PD.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

A revisión deste PD terá lugar o final de cada curso e xunto coas propostas de mellora, que poderanse incorporar para o curso seguinte.

5. Difusión do PD

Unha vez aprobado polo Consello Escolar do Centro será difundido a toda a comunidade educativa a través dos cauces habituais de domunicación do Centro.